



**EMENDA Á MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG
“PARA ADOPTAR ACORDOS E COMPROMISOS FIRMES EN RELACIÓN Á
VIOLENCIA DE XÉNERO”.**

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación, presenta para o seu debate no Pleno da Corporación, a seguinte **EMENDA Á MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO “PARA ADOPTAR ACORDOS E COMPROMISOS FIRMES EN RELACIÓN Á VIOLENCIA DE XÉNERO”**, de data 16 de outubro de 2017.

Propónse unha nova redacción do punto 1, de forma que o texto deste punto quedaría do seguinte xeito:

- 1. Instar á Xunta de Galicia a seguir avanzando na procura de todas as garantías necesarias para que na atención ás vítimas de violencia de xénero haxa unha actuación integral, personalizada, áxil e coordinada, garantindo o respecto á súa intimidade, privacidade e dignidade, aumentando os recursos destinados á asistencia e protección delas e as súas crianzas, a mellora dos medios e recursos da xustiza garantindo, no marco dos medios dispoñibles en cada edificio xudicial, mecanismos de separación entre vítimas e agresores nos xulgados galegos, o acompañamento das mulleres en situación de violencia machista durante todo o proceso e a súa atención por parte de persoal con formación especializada. En particular, levar a cabo programas de apoio ás vítimas de agresións sexuais, así como de formación específica sobre as distintas manifestacións da violencia de xénero, concretamente de violencia sexual e acoso sexual.***

(...)

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2017

Asdo: Agustín Hernández
Portayoz do Grupo Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela